

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO**

**24 DE ABRIL DE 2023**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do luns 24 de abril de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 19 e 21-04-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario

A celebración do pleno adopta a modalidade de **“presencial”** según Decreto de Alcaldía de data 19 de abril de 2023

<b>1. Partido Popular (PP)</b>
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, <b>alcalde-presidente</b>
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
<b>2. Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Emilio Andrés González Regueira, <b>NON ASISTE</b>
4.-Gerardo Pardavila Fernández.
5.-Asier Casais Álvarez
6.-Tania Redondo Fernández
7.-José Ángel Silva González
<b>3. Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
<b>4. Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Luis Antonio Pérez Barral





2.-María Cruz Rivadulla Márquez
<b>5. Suma Ribeira (SR)</b>
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Con carácter previo ó inicio da sesión e previo consenso entre todos/as os/as voceiros/as dos grupos municipais procédese a dar lectura á seguinte

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A Delegación do Colexio de Avogados da Coruña no Partido Xudicial de Ribeira, diante da proposta conxunta da Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, elevada ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Ministerio de Xustiza, e relativa á creación dun Xulgado Especial sobre Violencia de Xénero con sede en Santiago de Compostela e competencia territorial estendida ao Partido Xudicial de Ribeira, estima que a derivación da competencia xurisdiccional en materia de Violencia de Xénero, actualmente atribuída ao Xulgado Mixto Nº 3 de Ribeira, ao órgano que se propón en Santiago de Compostela constitúe un grave prexuízo para a tutela efectiva das vítimas de violencia de xénero do Partido Xudicial de Ribeira, así como para os dereitos dos investigados por violencia de xénero, e ocasiona a uns e outros evidentes prexuízos que non resultan en absoluto xustificadas.

Ten que destacarse que nos tres municipios (Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira) que compoñen o Partido Xudicial, levase a cabo unha importante actividade empresarial, ata o punto de que ten un dos niveis máis baixos de paro de toda Galicia, chegando a facturar as cen empresas máis importantes da zona a suma de 2.428 millóns de Euros, no ano 2021 (primeiro ano tras a pandemia) ao que hai que engadir un importante sector de hostalería e comercio. A forza económica e poboacional do partido xudicial ten o seu reflexo na administración, e así existe unha Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e outra da Consellería de Pesca en Ribeira, oficinas do ISM en Pobra e Ribeira, un INSS en Ribeira, un Hospital comarcal e outros organismos públicos que prestan servizo directo aos cidadáns e entre eles, os tres Xulgados de Primeira Instancia e Instrución.

É o Xulgado número Tres o que conta coa especialidade de Violencia de Xénero, dándose cumprimento ao artigo 15 bis da LECRim, que fixa a competencia territorial para a instrución e coñecemento dos delitos que corresponden ao Xuíz de Violencia sobre a Muller o do lugar do domicilio da vítima, artigo introducido polo artigo 59 da L.O. 1/2004 do 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, con vixencia pacífica desde xuño de 2005.

Este partido xudicial conta cunha importante infraestrutura de protección ás vítimas de violencia de xénero, que a nivel xudicial concrétese na asignación de dous fiscais (un deles

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9





## Concello de Ribeira

adscrito ao propio Xulgado número Tres), ademais dun oficial de fiscalía que axuda administrativamente a esta sección dependente da Fiscalía de Santiago. Igualmente ten adscrito un forense e a súa actual Xuíza titular ten formación neste ámbito. Hai que destacar que contamos en Ribeira cun dos oito Puntos de Encontro Familiar que actualmente existen en Galicia, xestionado pola organización sen ánimo de lucro “Meniños”, con base nun convenio suscrito pola Xunta de Galicia.

Nos tres municipios existe un Centro de Información á Muller, e periodicamente convócase unha Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, na que participa a Administración Local, o CIM, as forzas e corpos de seguridade do Estado, representantes de Sanidade e de centros vinculados con actuacións a vítimas de violencia de xénero e por suposto esta Delegación de Avogados, que leva asistindo ás mesmas desde a súa creación no ano 2021.

Engadir que os Avogados da quenda de oficio do partido xudicial contan con formación continuada no ámbito da violencia de xénero e instaurouse unha quenda específica e presencial para a súa atención, de tal maneira que reciben unha asistencia xurídica inmediata, especializada e de calidade. Coa actual infraestrutura conséguese solucionar adecuadamente as necesidades das vítimas de violencia de xénero en todas as ordes, e conleva que no ano 2022 háxanse resolvido o 94% dos asuntos ingresados por violencia de xénero.

A creación do Xulgado exclusivo en Santiago de Compostela con competencia territorial no partido xudicial de Ribeira supón un retroceso na protección das vítimas especialmente vulnerables como o son as de violencia de xénero, con domicilio neste partido. Un único xuíz tería que asumir a investigación de todos os delitos denunciados por vítimas de violencia de xénero das indicadas poboacións ( malos tratos, injurias, lesións, violencia habitual, quebrantamentos ... ) pero tamén a deriva civil: divorcios, gardas e custodia de menores, modificacións de medidas, liquidación de sociedade de lucrativas, execucións, ... de catro partidos xudiciais, e farao en horario de mañá ata as 14.00 horas, xa que non asumirá funcións de garda. O Xulgado exclusivo (e único) con sede en Santiago tería un ámbito competencial estendido a unha poboación total de 193.377 habitantes, dos cales 101.495 serían mulleres, con domicilios en Negreira, Santiago, Padrón, Rianxo, Boiro, Pobra e Ribeira. Sería un xulgado destinado inexorablemente ao colapso.

É urxente que os poderes públicos tomen as medidas necesarias para evitar que se prive ao actual Xulgado Mixto Nº 3 de Ribeira da competencia xurisdiccional en materia de violencia de xénero e por iso, A Delegación do Colexio de Avogados da Coruña no Partido Xudicial de Ribeira propón aos grupos políticos que conforman o Pleno do Concello de

**ÚNICO.-** Solicitar a todas as Administracións Públicas e Organismos competentes na materia, o mantemento da competencia xurisdiccional en materia de violencia de xénero no ámbito territorial do Partido Xudicial de Ribeira, a favor do Xulgado Mixto Nº 3 desta Cidade.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E8S5C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Páxina 3 de 47 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9



Toda a Corporación aproba por unanimidade dos seus membros presentes a devandita Declaración Institucional

## PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRA ORDINARIO URGENTE DE 18 DE ABRIL DE 2023.**

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario e urgente** celebrado o **18 de abril de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria urgente** do día **18 de abril de 2023**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria e urgente** celebrada o **18 de abril de 2023**.

### **2.- RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL A 31/12/2022.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas do día 18 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**ASUNTO:** *Rectificación anual do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira referida a 31 de decembro de 2022.*

**Expediente 2023 PATR000001.**

**TRÁMITE:** *Informe-Proposta de Resolución.*

*En relación ao asunto de referencia e, en cumprimento dos artigos 173.1º b) e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ao tratarse de materia que existe quórum especial, emito o seguinte informe, con base aos seguintes:*

## **ANTECEDENTES**





**PRIMEIRO.-** O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada na data 26/02/2018, aprobou definitivamente o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira.

**SEGUNDO.-** Despois da data da súa aprobación definitiva, foron tramitados unha serie de expedientes e adoptados os correspondentes acordos que implican alteracións no patrimonio municipal durante os exercicios dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021, cuxas rectificacións, a 31 de decembro de 2018, 31 de decembro de 2019, 31 de decembro de 2020 e 31 de decembro de 2021, foron aprobadas por acordos plenarios de datas 28/01/2019, 27/02/2020, 22/02/2021 e 03/03/2022, respectivamente.

**TERCEIRO.-** Por Providencia da Alcaldía de data 24/02/2023 ordénase dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación polo órgano competente da rectificación anual do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira, referida a 31 de decembro de 2022.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 86 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Artigos 33 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigo 47.1 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Os artigos 86 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que as Entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

No mesmo sentido, o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (no sucesivo RB), dispón que a rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

De conformidade co disposto no artigo 34 do RB, o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación.

Non se necesita unha maioría cualificada, bastando o quórum da maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local).

**SEGUNDA.-** Procede, pois, rectificar o Inventario de Bens recolléndose as variacións producidas no exercicio 2022 e aquelas variacións que non se produciron no exercicio pasado pero que, polos motivos que foran, non tiveron acceso ao Inventario:

**ALTAS**





# Concello de Ribeira

1ª) Descrición: Parcela sita no lugar de Parasquita, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 136,74 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte e Sur, parcela de propiedade municipal con referencia catastral 15074A005004130000KB; Este, resto da finca matriz; e Oeste, río Pedrín.

Parcela número 1 do expediente de expropiación referido mais adiante.

Referencia Catastral: Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A005001810000KJ. Pendente da súa rectificación no catastro.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

Título: Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira" (Expte 2021 PATR000006).

2ª) Descrición: Parcela sita no lugar de Río de Arriba, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 0,91 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, parcela coa referencia catastral 15074A005004130000KB; Sur, resto da finca matriz e camiño público coa referencia catastral 15074A008090130000KW; Este, resto de finca matriz; e Oeste, camiño público coa referencia catastral 15074A008090130000KW.

Parcela número 3 do expediente de expropiación referido mais adiante.

Referencia Catastral: Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A005001510000KS. Pendente da súa rectificación no catastro.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

Título: Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira" (Expte 2021 PATR000006).

3ª) Descrición: Parcela sita na paraxe de Castiñeiras, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 238,49 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, resto de finca matriz e parcela coa referencia catastral 15074A008003270000KX; Sur, río de Pedrín e parcela coa referencia catastral 15074A008003230000KO; Este, resto de finca matriz; e Oeste, río de Pedrín.

Parcela número 10 do expediente de expropiación referido mais adiante.

Referencia Catastral: Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A008003250000KR. Pendente da súa rectificación no catastro.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

Título: Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira" (Expte 2021 PATR000006).

4ª) Descrición: Parcela sita na paraxe de Redaira, lugar de Cubeliños, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 39,47 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, río de Pedrín; Sur, resto de finca matriz; Este, resto de finca matriz e río de Pedrín; e Oeste, resto de finca matriz e río de Pedrín.

Parcela número 13 do expediente de expropiación referido referido mais adiante.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Páxinas: 0 de 47 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





**Referencia Catastral:** Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A008004940000KE. Pendente da súa rectificación no catastro.

**Inscripción no Rexistro da Propiedade:** Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

**Título:** Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira" (Expte 2021 PATR000006).

5ª **Descrición:** Parcela sita no lugar de Parasquita, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 231,32 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, resto de finca matriz e río de Pedrín; Sur, parcela coa referencia catastral 15074A005092010000KX; Este e Oeste, resto da finca matriz.

Parcela número 5 do expediente de expropiación referido mais adiante.

**Referencia Catastral:** Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A005004160000KQ. Pendente da súa rectificación no catastro.

**Inscripción no Rexistro da Propiedade:** Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

**Título:** Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira" (Expte 2021 PATR000006).

6ª **Descrición:** Parcela sita no lugar de Parasquita, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 121,29 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, río de Pedrín; Sur, resto de finca matriz e río de Pedrín; Este, resto de finca matriz; e Oeste, resto de finca matriz e río de Pedrín.

Parcela número 6 do expediente de expropiación referido mais adiante.

**Referencia Catastral:** Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A005004470000KG. Pendente da súa rectificación no catastro.

**Inscripción no Rexistro da Propiedade:** Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

**Título:** Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do "Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira" (Expte 2021 PATR000006).

7ª **Descrición:** Parcela sita na paraxe de San Roque, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 2,88 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, río de Pedrín; Sur, parcela coa referencia catastral 15074A009001870000KH; Este, camiño público coa referencia catastral 15074A009090010000KT; e Oeste, resto de finca matriz.

Parcela número 15 do expediente de expropiación referido mais adiante.

**Referencia Catastral:** Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A009000260000KH. Pendente da súa rectificación no catastro.

**Inscripción no Rexistro da Propiedade:** Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.





Título: Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do “Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira” (Expte 2021 PATR000006).

8º) Descrición: Parcela sita na paraxe de Parasquita, do municipio de Ribeira, dunha superficie de 56,69 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, resto de finca matriz e río Pedrín; Sur, resto de finca matriz e parcela coa referencia catastral 15074A005004160000KQ; Este, río de Pedrín; e Oeste, resto de finca matriz.

Parcela número 4 do expediente de expropiación referido mais adiante.

Referencia Catastral: Resulta dunha segregación da finca coa referencia catastral 15074A005001820000KE. Pendente da súa rectificación no catastro.

Inscrición no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa rectificación no catastro para que poida ser inmatriculada no Rexistro da Propiedade de Noia.

Título: Acta definitiva de ocupación asinada na data 02/12/2022 en expediente de expropiación forzosa urxente para a execución do “Proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Ribeira” (Expte 2021 PATR000006).

9º) Descrición: Urbana: Terreo denominado “LAGOAS”, sito na Avenida da Coruña, municipio de Ribeira, da superficie de 397 metros cadrados, que linda: Norte, estrada; Sur, Concello de Ribeira; Este, Manuel Martínez Martínez; e Oeste, Josefa Pérez Ageitos.

Referencia catastral: 15074A007000240000KF.

Inscrición no Rexistro da Propiedade: Inscrita a favor do Concello de Ribeira co 100,00% do pleno dominio, ó Tomo 1604, Libro 479, Folio 82, Alta 1, Finca número 38894 de Ribeira.

Título: Adquirida por compravenda a D. Ángel Mª Martínez Iglesias, D. Anibal José Martínez Iglesias e D. José Antonio Martínez Iglesias, en escritura pública autorizada polo Notario de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, na data 10/06/2022, co número 1.102 de protocolo, e segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na data 19/05/2022.

10º) Descrición: Tramo de vial no Polígono 1.1. PXOM para completar a conexión entre a Rúa Barbanza coa Avenida da Constitución, dunha superficie de 829,16 metros cadrados, e que presenta os seguintes lindeiros: Norte, parte desde o remate da urbanización da rúa Barbanza, coincidindo co borde da rampla de acceso ao parking soterrado; Sur, coa beirarrúa existente dun dos bordes da avenida da Constitución; Este, antes propiedade da Seguridade Social, agora propiedade do Concello de Ribeira, e coincidente coa liña de deslinde de cualificación urbanística de Equipamento Público; e Oeste, Finca C, en parte co resto da finca matriz da parcela A, e en parte co resto da finca matriz da parcela B.

Referencia catastral: Pendente da súa rectificación no catastro.

Inscrición no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa inscrición de conformidade co Real Decreto 1093/1997, do 04 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición ao Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

Título: Acta de Ocupación Directa asinada na data 07/06/2019 segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na data 09/05/2019.

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9





11ª) Parcelas referidas a continuación, adquiridas polo Concello como consecuencia do outorgamento de licenzas urbanísticas (cesións obrigatorias e gratúitas de bens para dominio e uso público):

Orde	Superficie	Situación	Referencia catastral	Cedente	Nº Licenza
142	20,00 m2	Sírves (Oliveira)	15074A940019750000UR	Juan Francisco Lustres García e Mª Esperanza Romero Martínez.	5/22
143	45,100 m2	Casal - Sego (Artes)	15074A039002160000KM 15074A039002150000KF	Rosa Mª Domínguez Rego	3/22
144	16,25 m2	Rúa Cantón 10, Campo da Agra (Corrubedo).	3835901MH9133N0001DJ	Fernando Pazo Paniagua e Mª Isabel Miranda Fontaiña	9/22
145	35,40 m2	Rúa das Américas, 35 (Aguíño).	8683906MH9088S0001TP	Iván Pérez Monteagudo	19/22
146	29,40 m2	Deán Grande (Ribeira)	15074A006008940001LD 15074A006008940000KS	Renato Ramiro Fernández García e Rosa Mª Gómez Silva	7/22
147	56,27 m2	Rúa Manuel Murguía, 15-17 (Aguíño).	8984125MH9088S0001WP 8984124MH9088S0001HP	Rosa Rey González	2/22 Segregación
148	47,45 m2	Rúa esquina Rúa Alexandre Bóveda (Ribeira)	0718005NH0101N0001LF	Emilio José Domínguez Rodríguez	8/22
149	67,00 m2	Insuela (Palmeira)	15074A007012340000KZ	Ana Torres Losada, Carlos G. Ayaso Sainz, Manuel Torres Fernández e Félix Gómez Potel.	4/22 Segregación
150	46,88 m2	Agro da Porta – Deán Grande (Ribeira).	15074A938008730000UG 15074A938008740000UQ Actualmente: 15074A938015790000UH	Sara Mª Moreira Sixto	11/22
151	277,00 m2	Insuela (Palmeira)	15074A007008490000KP 15074A007008500000KG	Alfonso Gago Domínguez	3/22 Segregación
152	13,15 m2	“Sucadiño” – Bretal (Oliveira)	15074A044000720000KL	Gema Pérez Sieira	11/22
153	31,32 m2	Rúa das Américas, 41 (Aguíño).	8784108MH9088S0001AP	Mª Ángela Ayaso Monteagudo	14/22
154	240,58 m2	Os Muiños, 21 (Oleiros)	15074A032001730000KS	Joaquín Casais Vidal	Pendente
155	64,75 m2	Lugar de Mondelo (Palmeira)	15074A035006200000KA 15074A035006170000KA	Dolores García García	10/22 Segregación

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 4 de 7 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36





# Concello de Ribeira

156	168,00 m2	"Viña da Fonte" ou "Loureiro" – Lugar de Axeitos (Oleiros)	15074A042008780000KY	Manuel González Casais e Rosa M <sup>a</sup> Martínez Teira	Expte 2022 COMU000181
157	109,00 m2	"Hortas" – Lugar de Sobrido (Oleiros)	15074A033003950000KK	Ramón Fernández Blanco	22/22
158	56,36 m2	"A Coba" e "Mondelo" – Outonos – Mondelo (Palmeira)	15074A035004780000KX 15074A035004790000KI	Construcciones y Promociones Domínguez Laranga, S.L.	553/2008
159	52,36 m2	"La Soledad" ou "Conlleira" - Xarás	15074A003001010001LD	Xarás S.L.	29/22
160	32,12 m2	"Agro do Anovado da Atalaya" – Lugar de Atalaya (Corrubedo).	15074A05001660000KB	Juan Antonio Caridad Graña e M <sup>a</sup> Eugenia Lado Lema	458/08
161	304,70 m2	Avda da Coruña, s/n (Ribeira)	1230222NH0113S0001WF	Ferretería Brión S.L.	35/22
162	36,00 m2	"Estivada" ou "Rabo do Lobo" Gándara (Artes).	15074A840006310000ZZ	M <sup>a</sup> Josefa Mariño Hermo e Emilio Oliveira Sampedro.	42/22
163	284,00 m2	"Agro de Arriba" Salmón (Oleiros)	15074A938013650000UQ	Fincas Mapesa S.L.	6/22 Segregación
164	137,42 m2	"Regueiro ou Cortiñas" Outeiro – Cortiñas (Artes)	15074A00100080000KH	Beatriz Martínez Ruiz e Juan Ventura Brión Lustres	34/22
165	64,28 m2	Brañiña – Martín (Ribeira)	15074A018991580000KK 15074A018991580001LL	Heber Daniel Otero Salomón	32/22
166	31,60 m2	Deán Pequeno, s/n (Ribeira)	0423517NH0102S0001HH	M <sup>a</sup> de los Ángeles González Reiriz	38/22
167	44,37 m2	"Devasas" Lugar Campos de Arriba (Carreira)	15074A014003560000KJ	Manuela Suárez Ruiz e Juan Pouso Rivas	43/22
168	89,93 m2	"Huerta Grande" – Rúa Falcato (Corrubedo)	4439901MH9143N001OZ	Carlos Sangil del Río	Pendente
169	156,56 m2	Avda de Ferrol (Ribeira)	0425727NH0102N0001TI	José Rodríguez Sobrido e Rosa Rodríguez Rivas	9/22 Segregación
171	75,70 m2	"Salmón" – Lugar de Salmón, s/n (Oleiros)	15074A039007950000KO	José Benito Muñiz Vilar e Juana M <sup>a</sup> Rama Pérez.	16/21
173	77,96 m2	"Fortiño" Carballal (Palmeira)	15074A036012080000KU	Adrián Cartea Mugico	Pendente Segregación
174	217,30 m2	"Tras da Casa" – O Vilar (Carreira)	15074A003003610000KU	José Mario Ces Abeijón e M <sup>a</sup> Soledad Paz Vidal	4/23



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 10 de 47 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





176	45,58 m2	Estrada Xera, nº 47 (Castiñeiras).	15074A01901249000KA	Manuel Fernández Moraña	3/23
177	205,73 m2	Xarás (Artes)	15074A93801771000UZ	Kibu Inmuebles S.L.U	44/22

**12ª) Dereitos de arrendamento:**

- Segunda prórroga do contrato de arrendamento, por un ano, da parcela sita en Corrubedo, propiedade de Dª Mª Dolores Hermo Martínez, coas referencias catastrais 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ, para o seu destino como aparcadoiro municipal, en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/03/2022 (Expediente 2022 PATR000010).
- Segunda prórroga do contrato de arrendamento, por un ano, da parcela sita en Corrubedo, propiedade Dª Mª Luisa e Dª Ramona Arias Maneiro, coas referencias catastrais 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ, para o seu destino como aparcadoiro municipal, en cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 03/03/2022 (Expediente 2022 PATR000007).

**BAIXAS**

**1ª) Descrición:** Parcela dunha superficie de 96,19 m2 a segregar da parcela número 6, destinada a equipamento, cun aproveitamento edificable de 1m2/1m2, do Proxecto de Compensación de Área de Reparto do Solo Urbanizable (S.U.Z. 4) denominado "FONTAN", sita no lugar de Fontán (O Touro), municipio de Ribeira, inscrita co número 28.820 do Rexistro da Propiedade de Noia, e que presenta os seguintes lindeiros: Norte, parcela número 04 destinada a vial; Sur, parcela número 6-bis, cedida á Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado para a construción dunha Comisaría do Corpo Nacional de Policía; Este, resto de finca matriz; e Oeste, parcela número 6-bis, cedida á Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado para a construción dunha Comisaría do Corpo Nacional de Policía.

**Referencia catastral:** Pendente da súa rectificación no Catastro.

**Motivo da baixa no Inventario:** Foi cedida de forma gratuíta ó O.A. Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado, da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, para a súa agrupación á parcela de 2000,74 m2 cedida ó citado organismo por acordo do Pleno da Corporación de data 26/05/2008, co fin de construír a nova Comisaría de Policía Nacional. Acordo do Pleno da Corporación adoptado na data 22/02/2021, modificado por acordo do Pleno da Corporación adoptado na data 27/06/2022 (Expediente 2020 PATR000004).

Acta de entrega ao O.A. Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado da parcela antes citada, asinada na data 12/09/2022.

**2ª) Descrición:** Parcela denominada "PRADO", a prado, no lugar de "As Saiñas", parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de corenta e tres áreas cincuenta e seis centiáreas, que linda: Norte, estrada;





Sur, muro e despois, herdeiros de Melchor; Este, Juana Martínez; e Oeste, José Sampedro. Faise constar que non linda con bens de dominio público.

Referencia catastral: 15074A007001280000KI.

Inscripción: Rexistro da Propiedade de Noia ao folio 206 do Tomo 714 do arquivo, libro 176 de Ribeira.

Motivo da baixa no Inventario: Foi cedida de forma gratuita á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para a construción dunha residencia de maiores por acordo do Pleno da Corporación de data 10/01/2022 (Expediente 2021 PATR000020).

Documento Administrativo polo que se formaliza a cesión gratuita dunha parcela efectuada polo Concello de Ribeira e a súa aceptación por parte da Comunidade Autónoma de Galicia para a construción dunha residencia pública de maiores, asinado na data 10/02/2022.

**3ª) Descrición:** Parcela sita no lugar de Parte al Río, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de 2.450 m2, que linda: Norte, Joaquina Pérez, herdeiros de J. Betanzos, María Domínguez e Benita García; Sur, a finca anterior; Este, praia mar; e Oeste, estrada de Padrón a Noia.

Referencia catastral: 3849118NH0134N0001Q1.

Inscripción: Rexistro da Propiedade de Noia ó Tomo 816, Libro 206, Folio 8, Finca número 17.296.

Motivo da baixa no Inventario: Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/05/2022 polo que se acorda a finalización da vixencia do Convenio asinado entre a entidade "Urbanización Playa Esteiro, S.L." e o Concello de Ribeira, polo que se cedía o uso da parcela antes citada para a súa utilización como aparcadoiro municipal (Expediente 2022 PATR000013).

Polo exposto, e de conformidade co establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, elévase ao Pleno da Corporación Municipal, como órgano competente para a RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, a seguinte:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos desde Concello referida a 31 de decembro de 2022, tal e como se reflicte na Consideración Xurídica Segunda deste informe-proposta de resolución.

**SEGUNDO.-** Que unha copia da rectificación do Inventario, autorizada polo Secretario co visto e prace do Alcalde, se remita á Administración do Estado e órgano da Comunidade Autónoma que teña transferida a competencia nesta materia, conforme preceptúa o artigo 31 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello para subscribir cantos documentos precise a formalización do acordo

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de abril de 2023, co seguinte resultado:

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

<b>Páxina 12 de 17</b>	
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023	FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023	FECHA
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21	

DOCUMENTO: 20231083298
Fecha: 04/05/2023
Hora: 14:36





**-VOTOS A FAVOR: 20** (9 PP, 6 PBBI, 2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIONES: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de abril de 2023 sobre **RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL A 31/12/2022**e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO.-** Aprobado a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos desde Concello referida a 31 de decembro de 2022, tal e como se reflicte na Consideración Xurídica Segunda deste informe-proposta de resolución.

**SEGUNDO.-** Que unha copia da rectificación do Inventario, autorizada polo Secretario co visto e prace do Alcalde, se remita á Administración do Estado e órgano da Comunidade Autónoma que teña transferida a competencia nesta materia, conforme preceptúa o artigo 31 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello para subscribir cantos documentos precise a formalización do acordo

**3.- EXPEDIENTE DE XUSTO PREZO MEDIANTE PEZA SEPARADA E INDIVIDUAL NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E URXENTE DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SENDA PEONIL EN COROSO”.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas do día 18 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**EXPEDIENTE DE XUSTO PREZO MEDIANTE PEZA SEPARADA E INDIVIDUAL NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E URXENTE DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SENDA PEONIL EN COROSO” (Expediente 2022 PATR000006), EN RELACIÓN COA FINCA QUE SE INDICA A CONTINUACIÓN.**

**TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Nº Finca Proxecto	Refª Catastral	Localización	Sup Total (m2)	Sup. Afectada (m2)	Cualificación urbanística	Titular
3	15074A007000260000KO	Avda da Coruña	234	14	Solo urbano	Manuel Sieira Rivas e Jesús Sieira.

**VISTO** que por Decreto da Alcaldía de data 10/03/2023 resolveuse iniciar peza separada de xusto prezo e expediente individualizado para cada finca para a fixación do xusto prezo da finca da Relación de bens e dereitos de necesaria ocupación antes referida, para a execución do proxecto “Senda Peonil en Coroso”, así como requirir ós/ás propietarios/as afectados/as para que **no prazo de vinte días hábiles**, a contar do seguinte á notificación da resolución, **presente Folla de Aprecio** na que se concrete o valor da finca expropiada determinado pola aplicación





## Concello de Ribeira

dos criterios legais para a valoración do solo de que se trate segundo a súa cualificación e clasificación urbanística, podendo aducir cantas alegacións estimen pertinentes, advertíndolle que a valoración contida na Folla de Aprecio haberá de ser motivada e xustificada e subscrita, si así o cree conveniente, por técnico idóneo e competente, cuxos gastos serán da súa conta.

**VISTO** que o referido Decreto da Alcaldía de data 10/03/2023, e en relación á finca mencionada, foi notificado ós/ás titulares catastrais sen que conste no expediente que aqueles/as presentasen a Folla de Aprecio requirida pola Administración expropiante.

**VISTO** o informe emitido na data 12/04/2023 pola técnico de administración xeral do departamento de secretaria, no que se conclúe que debe continuarse o expediente expropiatorio de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 30 da LEF, requirindo ós/ás técnicos/as municipais que formulen a correspondente Folla de Aprecio, que deberá ser aprobada polo Pleno do Concello e trasladada ó/a expropiado/a de conformidade co citado artigo.

**VISTA** a Folla de Aprecio formulada polo arquitecto municipal, en base ó disposto na valoración do solo obxecto da expropiación recollida no proxecto da obra a realizar.

**Esta Alcaldía, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Ter por non presentada a Folla de Aprecio requirida mediante Decreto da Alcaldía de data 10/03/2023 ós/ás titulares catastrais, en relación coa finca de referencia.

**SEGUNDO.-** Aprobar a Folla de Aprecio formulada polo arquitecto municipal e que se recolle no Anexo desta proposta, referida á finca antes citada.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da Folla de Aprecio ós/ás expropiados/as para que no prazo de dez (10) días seguintes, poidan aceptala ou ben rexeitala, e neste segundo caso terán dereito a facer as alegacións que estimen pertinentes, empregando os métodos valorativos que xulgue mais adecuados para xustificar a súa propia valoración, e así mesmo aportar as probas que considere oportunas en xustificación das ditas alegacións. Todo elo de conformidade co disposto no artigo 30.2º da LEF.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. O alcalde, Manuel Ruiz Rivas.

### ANEXO:

**EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E URXENTE DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "SEND A PEONIL EN COROSO" (Expediente 2022 PATR000006).**

### FOLLA DE APRECIO

<b>ACTUACIÓN:</b> Proxecto "Senda Peonil en Coroso".	<b>Número de parcela no proxecto:</b> 3
--	---



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 4 de 7  
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





<b>ORGANISMO EXPROPIANTE:</b> Concello de Ribeira	<b>EXPROPIACIÓN:</b> Parcial
<b>BENEFICIARIO DA EXPROPIACIÓN:</b> Concello de Ribeira	<b>SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO:</b> Urbano
<b>PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE:</b> PXOM de Ribeira	

**TITULARIDAD**

<b>NOME:</b> Manuel Sieira Rivas	<b>DNI:</b> 33194185X
<b>% Prop:</b> 60%	<b>E. Civil:</b>
<b>ENDEREZO:</b> Rúa North, número 428, Kenilwoorth, Nueva Jersey, Estados Unidos.	<b>MUNICIPIO:</b>
<b>NOME:</b> Jesús Sieira	<b>DNI:</b> 54227153F
<b>% Prop:</b> 40%	<b>E. Civil:</b>
<b>ENDEREZO:</b> Prospect Avenue, número 4. North Arlington, Nueva Jersey. Estados Unidos.	<b>MUNICIPIO:</b>

**BENS OBXECTO DA EXPROPIACIÓN**

<b>Superficie Total (m2):</b> 234
<b>Superficie Expropiada (m2):</b> 14
<b>Referencia Catastral:</b> 15074A007000260000KO
<b>Inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia:</b> Non se teñen datos da súa inscrición.
<b>Descrición da parcela a expropiar segundo o proxecto da obra:</b> Parcela sita na Avda da Coruña, no lugar de Lagoas, da parroquia e municipio de Ribeira, dunha superficie de 14 metros cadrados, que linda: Norte, Encarnación Rivas Ayaso (parcela de referencia catastral 15074A007000270000KK); Sur, herdeiros de José Bernardo Martínez (parcela de referencia catastral 15074A007000250000KM); Este, Xunta de Galicia e Río Saiñas (parcelas de referencia catastral 001703300NH01C0001AM e 15074A007092010000KY, respectivamente); e Oeste, resto de finca matriz.  Esta parcela procede da finca de referencia catastral 15074A007000260000KO da que se segrega no presente expediente de expropiación por resultar a referida finca afectada parcialmente pola actuación.
<b>Título de Propiedade:</b> Escritura de declaración de exceso de obra e adjudicación parcial de herdanzas, outorgada ante a Notario de Ribeira, D <sup>o</sup> M <sup>a</sup> Covadonga Vázquez López, na data 11/03/2016, baixo o número 157 de protocolo.
<b>Cargas e gravames:</b>
<b>Titular da carga:</b>
<b>Construcións e plantacións:</b>

**VALORACIÓN DE BENS E DEREITOS EXPROPIADOS**





<b>Concepto:</b> Parcela 3
<b>Cantidad:</b> 14 m <sup>2</sup>
<b>Valor total expropiación:</b> 723,95 euros.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN

**Recolléense os criterios de valoración dispostos no informe pericial que consta no expediente expropiatorio, emitido na data 12/05/2022 polo arquitecto municipal Martín Cerredá Álvarez:**

#### 1.1. Método de Valoración

*O método a empregar para realizar a valoración depende do obxecto de dita valoración. Segundo o art.34 do RDL 7/2015, as valoracións do solo, as instalacións, construcións e edificacións, e os dereitos constituídos sobre ou en relación con eles, réxense polo disposto nesta lei cando teñan por obxecto a fixación do prezo xusto na expropiación, calquera que sexa a finalidade desta e a lexislación que a motive. Desta forma, procede a aplicación do RDL 7/2015 e o seu desenvolvemento regulamentario co RD 1492/2011.*

*Os terreos a valorar non están edificadas e atópanse na situación de urbanizado segundo o art.21 do RDL 7/2015, polo que o art.37.1 do dito RDL 7/2015 establece o seguinte procedemento para realizar a súa valoración:*

- Consideraranse como uso e edificabilidade de referencia os atribuídos á parcela pola ordenación urbanística.*
- Aplicarase á dita edificabilidade o valor de repercusión do solo segundo o uso correspondente, determinado polo método residual estático.*
- Da cantidade resultante do punto anterior descontarase, se for o caso, o valor dos deberes e cargas pendentes para poder realizar a edificabilidade prevista.*

#### 1.2. Análise do método de valoración

##### 1.2.1. Uso e edificabilidade de referencia

*O uso e edificabilidade de referencia dos terreos son os atribuídos á parcela pola ordenación urbanística vixente, é dicir polo PXOM de Ribeira.*

*Os terreos a expropiar atópanse en solo urbano (S.U.), segundo o PXOM de Ribeira, no seu plano 2.12, de Ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, a escala E:1/5000; e coa ordenanza de aplicación núm.8.3, por atoparse nun equipamento de sistema local docente (D) segundo o plano 3.7, de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Eugenia), a escala E:1/2000,.*

*O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1<sup>a</sup>.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.*

*A edificabilidade das parcelas é de 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> co uso de dotacional de equipamentos, segundo o art.161 do PXOM de Ribeira na súa redacción modificada pola MP03PXOM.*





1.2.2. Valor de repercusión

O valor de repercusión do solo determinase polo método residual estático de acordo coa seguinte expresión definida art.22.2 do RD 1492/2011:

$$VRS = \frac{Vv}{K} - Vc$$

Sendo:

*VRS* = Valor de repercusión do solo en €/m<sup>2</sup> edificable do uso considerado.

*Vv* = Valor en venta do metro cadrado de edificación do uso considerado do produto inmobiliario acabado (1.200)

*K* = Coeficiente que pondera la totalidad de los gastos xerais (1,3)

*Vc* = Valor da construción en €/m<sup>2</sup> edificable do uso considerado, incluído os gastos da promoción (866,20)

Desta forma, o valor de repercusión das parcelas de referencia ascende ao importe de 56,88 €/m<sup>2</sup>

1.2.3. Valor dos deberes e cargas pendentes

Os propietarios de solos urbanos consolidados deberán completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen a condición de soar segundo o art.20 da LSG. As parcelas non se axustan ás aliñacións establecidas polos planos do PXOM, polo que teñen pendente a execución de obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación.

Consultado o servizo de obras municipal, ás parcelas obxecto deste informe correspóndelles a pavimentación con formigón da súa superficie de cesión obrigatoria, cun valor que ascende a

30,25 €/m<sup>2</sup> (IVE incluído)

Despréndese do art.22.3 do RD 1492/2011, a forma de valorar os custos e gastos pendentes coa inclusión do beneficio empresarial derivado da promoción, tendo en conta a Resolución do Banco de España do 02.03.2022 e o anexo IV RD 1492/2011, de acordo coa seguinte expresión:

$$G \cdot (1 + TLR + PR)$$

Onde:

*G* = custos de urbanización pendentes de materialización e outros deberes e cargas pendentes, en euros.

*TLR* = taxa libre de risco en tanto por un. (- 0,00161)

*PR* = prima de risco en tanto por un. (0,12)

O valor a descontar dos deberes e cargas pendentes, deberá ser proporcional á superficie dos terreos expropiados da parcela, polo que se calculará o custe dos ditos deberes e cargas da totalidade da parcela e a continuación a súa parte proporcional, en función da porcentaxe da parcela que se pretende expropiar.





Referencia catastral	Superficie da parcela (m <sup>2</sup> )	Superficie a expropiar (m <sup>2</sup> )	Superficie de cesión (m <sup>2</sup> )	Deberes e cargas da parcela(€)	Deberes e cargas dos terreos a expropiar(€)
15074A007000260000KO	234	14	40,0	1.210,12	72,37

### 1.3. Valoración dos terreos a expropiar

O valor dos terreos a expropiar terá en conta os parámetros calculados na consideración 4.3 deste informe, a superficie dos terreos a expropiar e a seguinte fórmula enunciada no art.22.1 do

RD 1492/2011:

$$VS = \sum E_i \cdot VRS_i$$

Sendo:

$VS$  = Valor do solo urbanizado no edificado, en euros por metro cadrado de solo.

$E_i$  = Edificabilidade correspondiente a cada uno de los usos considerados, en metros cuadrados edificables por metro cuadrado de suelo.

$VRS_i$  = Valor de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados, en euros por metro cuadrado edificable.

Desta forma, obtéñense o valores dos terreos a expropiar co seguinte desenvolvemento:

Referencia catastral	Superficie a expropiar (m <sup>2</sup> )	E (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	VRS (€/m <sup>2</sup> )	Valor do solo (€)	Deberes e cargas (€)	Valor do solo (descontados deberes e cargas)
15074A007000260000KO	14	1	56,88	796,32	72,37	723,95 €

## 2. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas, **infórmase que** o prezo xusto na expropiación dos terreos precisos para a execución do proxecto "Senda peatonal en Coroso", son os seguintes:

Referencia catastral	Superficie a expropiar (m <sup>2</sup> )	Valor do solo (descontados deberes e cargas)
15074A007000260000KO	14	723,95 €

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS





LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de abril de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20** (9 PP, 6 PBBI, 2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos vinte membros presentes **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 18 de abril de 2023 sobre **EXPEDIENTE DE XUSTO PREZO MEDIANTE PEZA SEPARADA E INDIVIDUAL NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E URGENTE DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SENDA PEONIL EN COROSO** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO.-** Ter por non presentada a Folla de Aprecio requirida mediante Decreto da Alcaldía de data 10/03/2023 ós/ás titulares catastrais, en relación coa finca de referencia.

**SEGUNDO.-** Aprobar a Folla de Aprecio formulada polo arquitecto municipal e que se recolle no Anexo desta proposta, referida á finca antes citada.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da Folla de Aprecio ós/ás expropiados/as para que no prazo de dez (10) días seguintes, poidan aceptala ou ben rexeitala, e neste segundo caso terán dereito a facer as alegacións que estimen pertinentes, empregando os métodos valorativos que xulgue mais adecuados para xustificar a súa propia valoración, e así mesmo aportar as probas que considere oportunas en xustificación das ditas alegacións. Todo elo de conformidade co disposto no artigo 30.2º da LEF.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, CONVENIO ENTRE CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A IMPLANTACIÓN DO CICLO FORMATIVO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE COCIÑA E RESTAURACIÓN NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes do día 18 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

“Visto o “Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ribeira para a implantación do ciclo formativo de formación profesional básica de cociña e restauración nas instalación do Mercado municipal”, e no que se recolle que:

- O primeiro curso do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración, curso 2023-2024, impartirase na Aula taller de cociña, sita no segundo andar do Mercado Municipal.

- O segundo curso do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración, curso 2024-2025, impartirase no Taller de restaurante e cafetería, sito no primeiro andar do Mercado Municipal.





Esta alcaldía propón:

**Primeiro.**- aprobar o “Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ribeira para a implantación do ciclo formativo de formación profesional básica de cociña e restauración nas instalación do Mercado municipal” (achégase copia do convenio).

**Segundo.**- Comprometerse a dotar co mobiliario e equipamento necesarios o primeiro andar do mercado municipal para o curso 2024-2025, tal e como se expón na cláusula terceira do citado convenio.

**Terceiro.**- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ribeira para a implantación do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración nas instalacións do Mercado Municipal**

Santiago de Compostela

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e o 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra, don Manuel Ruiz Rivasalcalde do Concello de Ribeira, en representación do concello en virtude do ----- artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

**EXPOÑEN**

1. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no seu ordinal terceiro do artigo único, introduce o número 10 no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e crea os ciclos de formación profesional básica, con indicación de que serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto.

Así mesmo, no número 33 e seguintes da Lei orgánica 8/2013, modifícase a Lei orgánica 2/2006, incluíndo os ciclos formativos dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para facilitar a permanencia dos alumnos e as alumnas no sistema educativo e ofrecerlles maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

2. Que no Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, os títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e incluírán, ademais, as competencias da aprendizaxe permanente. Entre eles o Currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en cociña e restauración.

Así mesmo na súa disposición transitoria terceira contempla a Formación profesional dual nos ciclos de formación profesional básica:

A modalidade de formación profesional dual na formación profesional básica, ata o momento en que se desenvolva a formación profesional dual do sistema educativo establecido no artigo 42.bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase de acordo co establecido para o sistema educativo no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, coa excepción da duración do tempo de permanencia do alumnado nos centros de traballo, que será en xeral do 25 % da duración total do ciclo formativo, sen que en ningún caso a devandita duración sexa inferior ao 15 %.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

4. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, especifica no seu artigo 55 que o carácter dual da formación profesional se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou os organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias





previstas en cada oferta de formación, e que se promoverá a corresponsabilidade coa formación profesional dos centros e das empresas ou dos organismos equiparados.

5. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ribeira están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así condúzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado, e en particular, na posta en marcha e desenvolvemento do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración na modalidade dual.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto do convenio

O presente Convenio ten por obxecto plasmar as condicións polas que se levará a cabo a colaboración entre o Concello de Ribeira e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a implantación do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración na modalidade dual no Concello de Ribeira, concretamente nas instalacións do Mercado Municipal do concello.

### Segunda. Autorización das ensinanzas

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades autorizará para o curso 2023-2024 a oferta do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración na modalidade dual no CIFP Coroso de Ribeira.

A impartición destas ensinanzas nas instalacións do Mercado Municipal do concello realizarase:

- O primeiro curso do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración, curso 2023-2024, na Aula taller de cociña, sita no segundo andar do Mercado Municipal.
- O segundo curso do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración, curso 2024-2025, no Taller de restaurante e cafetería, sito no primeiro andar do Mercado Municipal.

### Terceira. Compromisos do Concello de Ribeira

O Concello de Ribeira pon a disposición dun xeito preferente as instalacións referidas na cláusula anterior para impartir as ensinanzas do ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración.

Farase cargo do seu mantemento, dos gastos xerais de funcionamento (luz, auga, limpeza, calefacción, teléfono, conserxería...) e acondicionará os espazos e os proveerá do equipamento necesario para impartir as referidas ensinanzas para o que asumirá os seguintes compromisos:

Para o curso 2023-2024 porá a disposición as instalacións do segundo andar onde se impartirán os módulos do primeiro curso do ciclo na Aula taller de cociña e realizará as seguintes intervencións:

- Cubrimento da tarima de madeira existente cunha lámina ignífuga e antiescorregadiza de material tipo caucho ou PVC.
- Instalación dunha rampla á entrada á superficie de cociña, para facela accesible. A inclinación da rampla non superará o 10%.

Para o curso 2024-2025 porá a disposición, tamén, as instalacións do primeiro andar onde se impartirán os módulos do segundo curso do ciclo. Este espazo deberá habilitarse como aula taller de restaurante e cafetería, e dotarase co seguinte mobiliario e equipamento:

- Moble de barra e moble traseiro cafeteiro.
- Cafeteira eléctrica, muiño de café e termos.
- Moble para prancha e prancha eléctrica. Utensilios para prancha con pequena batería de cocción.
- Mesa refrixerada G/N.
- Botelleiro.
- Vertedoiro de aceiro inox con seo e escorredoiro.
- Cristalería para bar e cafetería.
- Xogo de cubertos.





# Concello de Ribeira

- Equipamento de mantelería e panos de restaurante.
- Equipamento de facturación: TPV táctil con sistema de pedidos electrónicos portátiles.
- Moblaxe de restaurante: mesas, taboleiros abatibles, cadeiras, mobles auxiliares.
- Xogo de cubertos de restaurante.
- Louza de restaurante.
- Cristalería de restaurante.
- Exxoval de restaurante.
- Roupa de restaurante: baixo manteis, manteis, cobre manteis, porta panos de mesa, tiras, panos de servizo e outros panos.

Para a dotación deste material tomarase como referencia 30 comensais.

## **Cuarta. Compromisos do Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades aportará o persoal docente necesario e asumirá os gastos de material funxible e de produtos consumibles necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

## **Quinta. Desenvolvemento e supervisión das ensinanzas**

Estas ensinanzas formarán parte da oferta formativa do CIFP Coroso de Ribeira, para todos os efectos académicos e administrativos. Correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o establecemento, o desenvolvemento e a supervisión dos plans educativos propios da consellería. O centro, nos seus ciclos formativos específicos, queda sometido ao servizo de inspección educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

## **Sexta. Autorizacións de uso de espazos**

O Concello facilitará o espazo para o desenvolvemento da actividade correspondente, así como os medios para garantir o acceso ás mesmas sendo responsabilidade da entidade colaboradora garantir o bo uso das instalacións e repoñendo calquera dano que poida producirse nos accesos e no desenvolvemento da actividade.

En caso de producirse danos nas instalacións ou nalgún material municipal, a entidade colaboradora deberá sufragar a súa reparación.

## **Sétima. Comisión de seguimento**

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes do Concello de Ribeira.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actuará como secretaria.

## **Oitava. Vixencia do convenio**

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

## **Novena. Extinción do convenio**

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Non caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 20 de 47 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





# Concello de Ribeira

- *Transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.*
- *O acordo unánime das partes.*
- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.*
- *Por declaración xudicial de nulidade.*
- *Por calquera outra causa prevista nas leis.*

## **Décima. Protección de datos**

*De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a empresa que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.*

*Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).*

## **Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno**

*A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.*

## **Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio**

*O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.*

*Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.*

*E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.*

*O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e  
Universidades*

*O alcalde do Concello de Ribeira*

*Román Rodríguez González*

*Manuel Ruiz Rivas*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de abril de 2023, co seguinte resultado:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 20 de 47 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





**-VOTOS A FAVOR: 20** (9 PP, 6 PBBI, 2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIONES: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de abril de 2023 sobre **APROBACIÓN, SE PROCEDE, CONVENIO ENTRE CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A IMPLANTACIÓN DO CICLO FORMATIVO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE COCIÑA E RESTAURACIÓN NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO.-** aprobar o “Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ribeira para a implantación do ciclo formativo de formación profesional básica de cociña e restauración nas instalación do Mercado municipal” (achégase copia do convenio).

**SEGUNDO.-** Comprometerse a dotar co mobiliario e equipamento necesarios o primeiro andar do mercado municipal para o curso 2024-2025, tal e como se expón na cláusula terceira do citado convenio.

**TERCEIRO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### 5.- APROBACIÓN INICIAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas do día 20 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023.**

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

6.

7. Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.-“Aprobación inicial do SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
8. 165A.60900	Prestación P4 contrato mantemento alumado público	9. 537.101,88
10. 231D.22798	Contrato servizo axuda no fogar libre concorrencia	11. 11.860,50
12. 231D.22799	Contrato servizo axuda no fogar dependencia	13. 304.923,29
14. 338.22609	Organización de actividades festexos	15. 50.000,00
16. 459.68101	Construción e urbanización novo polígono industrial	17. 1.132.255,33







18. 151.60001	Inversións en terreos	19. 32.000,00
20. 171.60902	Melloras en parques e xardíns	21. 24.100,00
<b>TOTAL</b>		<b>22. 2.092.241,00</b>
<b>APLICACIÓN</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>23. IMPORTE</b>
<b>INGRESOS</b>		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	<b>24. 2.092.241,00</b>

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de abril de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 18 (9 PP, 6 PBBI, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 2 PSG-PSOE**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de abril de 2023 sobre **APROBACIÓN INICIAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO:--**“Aprobación inicial do SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
25. 165A.60900	Prestación P4 contrato mantemento alumado público	26. 537.101,88
27. 231D.22798	Contrato servizo axuda no fogar libre concorrencia	28. 11.860,50
29. 231D.22799	Contrato servizo axuda no fogar dependencia	30. 304.923,29
31. 338.22609	Organización de actividades festexos	32. 50.000,00
33. 459.68101	Construción e urbanización novo polígono industrial	34. 1.132.255,33

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9





35. 151.60001	Inversións en terreos	36. 32.000,00
37. 171.60902	Melloras en parques e xardíns	38. 24.100,00
<b>TOTAL</b>		<b>39. 2.092.241,00</b>
<b>APLICACIÓN</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>40. IMPORTE</b>
<b>INGRESOS</b>		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	<b>41. 2.092.241,00</b>

**SEGUNDO:**- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

**TERCEIRO:**-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

**6.- MODIFICACIÓNS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO ART. 51 SUBVENCÍONS.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas do día 20 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**P R O P O S T A D E A L C A L D Í A**

**MODIFICACIÓN DA BASE Nº 51 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**

Na data actual o Orzamento do Concello de Ribeira atópase en situación de prórroga. Debido a isto, a concesión das subvencións nominativas reflectidas no orzamento de 2021 non se entende prorrogada polo que debe ser ratificada novamente polo Pleno da Corporación a través da modificación da Base nº 51 de execución do orzamento

Visto o informe de Intervención.

Polo tanto, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo as seguintes subvencións nominativas:

	Beneficiario		
Obxecto e Finalidades	NIF	Denominación	Importe
Subvención Festa da Dorna 2023	G15315682	Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna	40.000,00 €
Subvención Festa da Navalla 2023	G70368261	Asociación Cultural O Serríño os Mellores e Aguiño	4.000,00 €
Colaboración nova traíña	G70378047	Club de Remo Náutico Ribeira	20.000,00 €





# Concello de Ribeira

2.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3.- Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de abril de 2023, co seguinte resultado:

<b>-VOTOS A FAVOR: 20</b> (9 PP, 6 PBBI, 2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)
<b>-VOTOS EN CONTRA: 0</b>
<b>-ABSTENCIÓNS: 0</b>

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 20 de abril de 2023 sobre **MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO ART. 51 SUBVENCIONES** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO**:- Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo as seguintes subvencións nominativas:

	<b>Beneficiario</b>		
<b>Obxecto e Finalidades</b>	<b>NIF</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe</b>
Subvención Festa da Dorna 2023	G15315682	Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna	40.000,00 €
Subvención Festa da Navalla 2023	G70368261	Asociación Cultural O Serríño os Melloras e Aguiño	4.000,00 €
Colaboración nova traña	G70378047	Club de Remo Náutico Ribeira	20.000,00 €

**SEGUNDO**:- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

**TERCEIRO**:- Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello

## 7.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 27 de 47 FECHA 04/05/2023  
 MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
 Fecha: 04/05/2023  
 Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





# Concello de Ribeira

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo do día 18 de abril de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**Expediente:**EXP: 2023- C\_SE000001

**Procedemento:** APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “CONTRATO DE SERVIZODE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA”

## PROPOSTA DITAME COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, PROMOCIÓN SOCIAL, SANIDADE E CONSUMO

Visto o expediente que se tramita para a contratación do servizo denominado “CONTRATO DE DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA”.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Renuncia da empresa SON A TÚA AXUDA, á prórroga do contrato vixente de servizo de axuda a domicilio do Concello de Ribeira, de data 02/12/2022.
- Requirimento á empresa SON A TÚA AXUDA en data 31/03/2023, sobre o persoal empregado no contrato de servizos de axuda a domicilio do concello de Ribeira para os efectos do establecido no artigo 130 da LCSP.
- Documentación presentada pola empresa SON A TÚA AXUDA sobre o persoal en data 03/04/2023.
- Estudo económico elaborado pola a xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, de data 11/04/2023.
- Informe insuficiencia de medios asinado pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, en data 11/04/2023.
- Informe non división en lotes asinado pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, en data 11/04/2023.
- Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación asinada pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, en data 12/04/2023 e conformada pola concelleiro delegada de servizos sociais , promoción social, igualdade e diversidade Ana Isabel Barreiro Rego, e polo alcalde Manuel Ruiz Rivas, na mesma data.
- Informe RC emitido polo interventor Pablo Bao Castro, en data 13/04/2023
- Prego de prescricións técnicas asinado pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira en data 11/04/2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, asinado pola Técnico de Administración Xeral, Mª Teresa Cid Poza, en data 13/04/2023.
- Informe proposta previo á aprobación do expediente asinado pola técnica de administración xeral Mª Teresa Cid Poza, coa conformidade do Secretario Xeral Juan Manuel Salguero del Valle, de data 13/04/2023.
- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 13/04/2023, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 17 e 25 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

### PROPOSTA:

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E8S5C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 2 de 4 FECHA		DOCUMENTO: 20231083298
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21		Fecha: 04/05/2023 Hora: 14:36



**PRIMERO.**-Aprobar o expediente de contratación do contrato de servizos denominado “CONTRATO DE DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA”, cun orzamento total de licitación, de acordo co estudo económico de:

CONCEPTO	Prezo hora sen IVE	Horas anuais	Prezo ano sen IVE	Tipo IVE	IVE	Prezo ano con IVE
Horas dependencia	22,38	69.192	1.548.516,96	4%	61.940,68	1.610.457,64
Horas libre concorrencia	22,38	3.500	78.330,00	10%	7.833,00	86.163,00
<b>TOTAL PREZO DE LICITACIÓN</b>						<b>1.696.620,64</b>

E un valor estimado de:

<b>VALOR ESTIMADO 1ª ANUALIDADE</b>	1.626.846,96
<b>PRÓRROGA DE 1 AÑO</b>	1.626.846,96
<b>PRÓRROGA DE 9 MESES</b>	1.220.135,22
<b>MODIFICACIÓN DO CONTRATO 20%</b>	325.369,39
<b>TOTAL VALOR ESTIMADO</b>	<b>4.799.198,53</b>

A duración do contrato será de 1 ano máis outro prorrogable, ata alcanzar un máximo total de 2 anos.

**SEGUNDO.**-Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, en data 11/04/2023.

**TERCEIRO.**-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, asinado pola T.A.G. María Teresa Cid Poza, en data 13/04/2023.

**CUARTO.**-O gasto quedará supeditado á aprobación inicial previa do suplemento de crédito 1/2023, quedando a adxudicación do contrato condicionada á entrada en vigor definitiva do suplemento de crédito de referencia, con cargo á aplicación orzamentaria 231D.22798 e 231D.22799

**QUINTO.**-Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

**SEXTO.**-Conforme establece a cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, Ao tratarse dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada a licitación anunciarase ademais de en o Perfil de Contratante do Concello no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Con carácter exclusivo e excluinte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex).

**SÉPTIMO.**-Delegar na Alcaldía-Presidencia a xestión dos trámites posteriores do presente expediente, de conformidade ao disposto no artigo 51 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en relación coa Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En todo caso deberá convocarse a preceptiva Comisión Informativa con carácter previo á adopción da resolución definitiva do expediente. Esta





# Concello de Ribeira

delegación fornecerá efectos desde o día seguinte ao da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 18 de abril de 2023, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR : 18 (9 PP, 6 PBBI, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA: 2 PSG-PSOE**

**-ABSTENCIÓN: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 18 de abril de 2023 sobre **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR** e en consecuencia aproba:

**PRIMERO.-Aprobar o expediente de contratación do contrato de servizos denominado “CONTRATO DE DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA”, cun orzamento total de licitación, de acordo co estudo económico de:**

CONCEPTO	Prezo hora sen IVE	Horas anuais	Prezo ano sen IVE	Tipo IVE	IVE	Prezo ano con IVE
Horas dependencia	22,38	69.192	1.548.516,96	4%	61.940,68	1.610.457,64
Horas libre concorrencia	22,38	3.500	78.330,00	10%	7.833,00	86.163,00
<b>TOTAL PREZO DE LICITACIÓN</b>						<b>1.696.620,64</b>

E un valor estimado de:

VALOR ESTIMADO 1ª ANUALIDADE	1.626.846,96
PRÓRROGA DE 1 AÑO	1.626.846,96
PRÓRROGA DE 9 MESES	1.220.135,22
MODIFICACIÓN DO CONTRATO 20%	325.369,39
<b>TOTAL VALOR ESTIMADO</b>	<b>4.799.198,53</b>

A duración do contrato será de 1 ano máis outro prorrogable, ata alcanzar un máximo total de 2 anos.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E8S5C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 30 de 47 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9



**SEGUNDO.**-Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, en data 11/04/2023.

**TERCEIRO.**-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, asinado pola T.A.G. María Teresa Cid Poza, en data 13/04/2023.

**CUARTO.**-O gasto quedará supeditado á aprobación inicial previa do suplemento de crédito 1/2023, quedando a adxudicación do contrato condicionada á entrada en vigor definitiva do suplemento de crédito de referencia, con cargo á aplicación orzamentaria 231D.22798 e 231D.22799

**QUINTO.**-Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

**SEXTO.**-Conforme establece a cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, Ao tratarse dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada a licitación anunciarase ademais de en o Perfil de Contratante do Concello no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex).

**SÉPTIMO.**-Delegar na Alcaldía-Presidencia a xestión dos trámites ulteriores do presente expediente, de conformidade ao disposto no artigo 51 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en relación coa Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En todo caso deberá convocarse a preceptiva Comisión Informativa con carácter previo á adopción da resolución definitiva do expediente. Esta delegación fornecerá efectos desde o día seguinte ao da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña

**8.- PROPOSICIÓN CONXUNTA PRESENTADA POR GM BNG D. LUIS ANTONIO PÉREZ BARRAL, GM PBBI D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO, GM PSDEG-PSOE D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, E GM MIXTO-SUMA RIBEIRA D. XURXO FERRÓN VIDÁN PARA QUE O CONCELLO DE RIBEIRA CUMpra COS ACORDOS PLENARIOS E FAGA O ESTUDO TÉCNICO SOBRE A ESTRADA CP-7301 COMO ALTERNATIVA Á CIRCUNVALACIÓN.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de outubro de 2022 sobre proposición presentada polo concelleiros **GM BNG D. Luís Antonio Pérez Barral**, **GM PBBI D. Vicente Mariño de Bricio**, **GM PSG-PSOE D. José Manuel Vilas Álvarez**, e **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA D. Xurxo Ferrón Vidán** en data novembro de 2021 (rex entr. 17-10-2022, nº 19.965) e que é do seguinte tenor literal:

“

*Luis Antonio Pérez Barral, voceiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Vicente Mariño de Bricio, voceiro do Partido Barbanza Independente (PBBI), José Manuel Vilas Álvarez, voceiro do Partido Socialista Obreiro Español (PSdeG-PSOE) e Xurxo Ferrón Vidán, voceiro de Suma Ribeira (SR), presentan ante o Pleno da Corporación Municipal e dirixida ao alcalde a seguinte proposición para que o Concello de Ribeira cumpra cos acordos plenarios e faga o estudo técnico sobre a estrada CP-7301 como alternativa á circunvalación.*

Exposición de motivos





# Concello de Ribeira

*A circunvalación de Ribeira é unha infraestrutura que leva prometéndose por parte do Partido Popular desde a campaña electoral do ano 2009 porén, a día de hoxe o concello segue sen contar cunha infraestrutura axeitada que permita paliar os problemas de tráfico que padece.*

*Unha vez máis, os grupos municipais de BNG, PBBI, PSOE e SR vémonos na obriga de traer unha iniciativa relativa á construción desta infraestrutura debido a que o goberno local incumpre todos os acordos plenarios que existen sobre este tema. Esta maneira de gobernar non só implica conculcar o resultado democrático das votacións, senón que tamén provoca quebrantar os dereitos e intereses da veciñanza de Ribeira.*

*Se botamos man das actas plenarios comprobaremos que este tema xa se debateu na sesión plenaria de outubro de 2020, aprobando por maioría absoluta e cos únicos votos en contra do PP unha iniciativa para que o Concello de Ribeira fixese un estudo técnico comparativo independente sobre os diferentes proxectos para construír unha circunvalación no municipio. Queremos destacar, porque é importante facelo, que o devandito acordo tiña o visto e prace da plataforma de veciñas e veciños afectados polo proxecto que pretende facer a Xunta de Galiza. O amplo consenso acadado pola Corporación permitiu ademais incorporar unha emenda feita polo Bloque Nacionalista Galego para incluír nese estudo comparativo a reforma e mellora da estrada CP-7301 entre os lugares de Xarás e Frións, facendo que o acordo quedara como segue:*

*1.-Que se realice un estudo comparativo por parte de persoal técnico cualificado e independente onde se valore cando menos o impacto ambiental, o impacto social, as incidencias no tráfico así como as posibilidades de desenvolvemento futuro de Ribeira nos seguintes casos:*

- Proxecto proposto pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza.
- Proxecto premiado co premio Ovisa no ano 2018.
- Proxecto de mellora da estrada CP-7301 entre os lugares de Xarás e Frións.

*2.- Que mentres dure la realización del estudio comparativo anterior, se suspenderá temporalmente el proceso administrativo.*

*Coñecido é que o goberno local encargou a realización dese estudo comparativo á empresa Iacea que descartou, baixo pretextos subxectivos e nada técnicos, a mellora da estrada CP-7301 da análise multicriterio feita para os outros dous viarios. Ante estes actos, o BNG, PBBI, PSOE e SR rexistramos unha iniciativa, debatida na sesión plenaria de xaneiro de 2022, na que insistimos na obriga de facer un estudo no que se valore a reforma da estrada de Frións para convertela na circunvalación que Ribeira precisa. Estamos en outubro de 2022 e comprobamos que non se moveu absolutamente nada para cumprir o novo acordo plenario, demostrándose así a actitude obstrucionista do goberno local.*

*A exclusión dese estudo sen ningún tipo de argumento sólido, responde exclusivamente aos intereses do Partido Popular para evitar que o trazado proxectado pola Xunta de Galiza se vexa prexudicado por algún dos outros. Neste sentido, o propio director xeral da Axencia Galega de Infraestruturas, nunha comparecencia pedida polo BNG no Parlamento de Galiza, foi incapaz de achegar información técnica ou argumentos de peso para explicar explicar os motivos da exclusión da alternativa que formulamos.*

*A demora para cumprir o acordo plenario fixo que o Consello da Xunta de Galiza aprobara o 4 de agosto de 2022 o expediente de información pública do trazado e do estudo de impacto ambiental da circunvalación. Con isto, demóstrase que o alcalde e todo o seu equipo, manobraron para evitar cumprir cun acordo plenario que defende a vontade maioritaria porque supón ir en contra dos intereses do Partido Popular. É moi grave que o máximo responsábel de facer cumprir os acordos plenarios, sexa o primeiro en incumprilos, polo que a plataforma veciñal e os grupos que asinamos esta proposición, esiximos respecto polos acordos que se adoptan.*

*Desde o BNG, PBBI, PSOE e SR insistimos na necesidade de realizar o estudo da estrada CP-7301 entre Xarás e Frións porque temos argumentos sólidos para defender esta alternativa. A mellora desa estrada implica un cremos que tería un impacto ambiental, tería menor impacto social e sería máis económica por ter só que mellorar o trazado existente. A nosa proposta, de facer a circunvalación por Frións, alén de beneficiar a barrios tan poboados como Fafián, Coveliño, As Avesadas e o centro urbano de Ribeira, daríalle servizo á poboación e negocios de Carreira e Aguiño. Ademais do anterior, as persoas que baixan de Corrubedo, Oleira, Oleiros e Artes ao centro de Ribeira poderían escoller esa alternativa para desembocar directamente*

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

<p><b>Páxina 2 de 4</b></p> <p><b>FECHA</b></p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023          JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023          serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21</p>
---

<p>DOCUMENTO: 20231083298</p> <p>Fecha: 04/05/2023</p> <p>Hora: 14:36</p>
---







## Concello de Ribeira

*nos aparcadoiros disuasorios das Avesadas, coa conseguente redución do tráfico rodado no centro urbano. Esa alternativa formulada polo Bloque xa fora obxecto de debate no Parlamento galego en 2016 e 2021 na que o Partido Popular mostrara o seu rexeitamento a pesar de que os beneficios de facela por aí son maiores.*

*Consideramos que para darlle cumprimento efectivo ao acordo plenario adoptado, débese realizar proxecto de mellora da CP-7301 entre os lugares de Xarás e Frións cun enlace a Ribeira e o conseguente estudo técnico sobre dita mellora, nos mesmos termos, co mesmo nivel de detalle e precisión que as análises feitas para o proxecto proposto pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade ou o proxecto premiado co premio Ovisa no ano 2018. O estudo permitiría coñecer que proxecto presenta unha maior viabilidade desde o punto de vista técnico, cal implicaría un menor custe económico e cal tería unha menor afección ambiental ou pegada ambiental. Realizar ese estudo técnico independente e darlle cumprimento efectivo facilitaría que a Administración Pública tomase unha decisión en base a criterios rigorosos que eviten caer en erros pasados. Ribeira leva décadas agardando por unha circunvalación que resolva o caos circulatorio que o Partido Popular provocou co seu mal facer no planeamento urbanístico, agardar uns meses máis non traerá consecuencias negativas se con iso se escolle o mellor proxecto desde o punto de vista social, ambiental e económico.*

*Por todos os motivos anteriormente expresados, o BNG, PBBI, PSOE e SR solicitan a adopción dos seguintes*

### *ACORDOS:*

- O goberno local de Ribeira cumprirá co acordo do 19 de outubro de 2020 e co acordo do 31 de xaneiro de 2022. Realizará un estudo da viabilidade de mellorar a CP-7301 nos mesmos termos que o feito para o proxecto de circunvalación proposto pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade e o proxecto premiado co galardón Ovisa.*
- O Concello de Ribeira realizará un estudo técnico sobre a mellora da vía CP-7301 para comprobar a viabilidade de convertela na circunvalación de Ribeira. Dito estudo técnico debe ir acompañado de planos de trazado e dunha memoria valorada das obras a realizar.*
- A Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galiza e ao goberno local de Ribeira a establecer un diálogo coa veciñanza afectada polo trazado proposto pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade.*
- Notificar o presente acordo plenario aos grupos do Parlamento de Galiza.*

*Ribeira, novembro de 2021*

*Asinado electrónicamente*

*Luis Antonio Pérez Barral*

*Voceiro do BNG*

*Vicente Mariño de Bricio*

*Voceiro do PBBI*

*Xurxo Ferrón Vidán*

*Voceiro de SR*

*José Manuel Vilas Álvarez*

*Voceiro do PSdeG-PSOE*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E8S5C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 3 de 4 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298

Fecha: 04/05/2023

Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9



Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición conxunta do **GM do BNG, GM do PBBI, GM do PSG-PSOE** e do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorporase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de novembro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** ( 6 PBBI, 2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

**-VOTOS EN CONTRA: 9 PP**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición conxunta dos **GM do BNG, GM do PBBI, GM do PSG-PSOE** e do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA**, para que **O CONCELLO DE RIBEIRA CUMpra COS ACORDOS PLENARIOS E FAGA O ESTUDO TÉCNICO SOBRE A ESTRADA CP-7301 COMO ALTERNATIVA Á CIRCUNVALACIÓN** e en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO:**-O goberno local de Ribeira cumprirá co acordo do 19 de outubro de 2020 e co acordo do 31 de xaneiro de 2022. Realizará un estudo da viabilidade de mellorar a CP-7301 nos mesmos termos que o feito para o proxecto de circunvalación proposto pola Consellería de Infraestructuras e Mobilidade e o proxecto premiado co galardón Ovisa.

**SEGUNDO:**-O Concello de Ribeira realizará un estudo técnico sobre a mellora da vía CP-7301 para comprobar a viabilidade de convertela na circunvalación de Ribeira. Dito estudo técnico debe ir acompañado de planos de trazado e dunha memoria valorada das obras a realizar.

**TERCEIRO:**-A Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galiza e ao goberno local de Ribeira a establecer un diálogo coa veciñanza afectada polo trazado proposto pola Consellería de Infraestructuras e Mobilidade.

**CUARTO:**-Notificar o presente acordo plenario aos grupos do Parlamento de Galiza.

*(nestes intre, sendo as 22.15 horas, o sr. alcalde establece un descanso de trinta minutos, ao abeiro do disposto no artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, reanudándose a sesión ás 22.45 h)*

**9.- PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO SOBRE NORMAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA RELATIVAS AO USO PÚBLICO E ACTIVIDADES RECREATIVAS NOS ISLOTES DE "GUIDOIRO AREOSO" E ISLA DE RÚA.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 22 de novembro de 2022 sobre proposición presentada polo concelleiro do **GM PBBI, D. Vicente Mariño de Bricio** en data 25 de outubro de 2022 (rex entr. 25-10-2022, nº 20.496):





## Concello de Ribeira

“Vicente Mariño de Bricio, con DNI 52.456.748-G, en calidad de concejal y portavoz del grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI), presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira, al amparo de lo dispuesto en el apartado c del artículo 116.1 del Regulamento Orgánico Municipal, la siguiente moción.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

La Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tiene en marcha un proyecto de orden por el que se establecen las normas relativas al uso público y actividades recreativas en los islotes de “Guidoiro areoso ” e Isla de Rúa.

El ámbito de protección de esta orden una superficie de 1073,16 hectáreas, de las cuales 49,08 hectáreas son de superficie terrestre y las restantes 1024,08 son de superficie marina. Pues bien, en estas áreas hay usos permitidos, usos autorizables y usos prohibidos, entre los prohibidos el que nos destacan es la prohibición de la pesca deportiva.

Este tipo de pesca al igual que toda la náutica deportiva está en auge y además de ocio y recreo genera un movimiento económico importante (construcción de barcos, instalaciones náutico deportivas, talleres de reparaciones, tiendas de suministro de pesca y efectos navales, además de hostelería en general).

Por todo lo anteriormente expuesto, el Partido Barbanza Independiente, PBBI, ante el efecto negativo que tendría para Ribeira y el resto de comarcas limítrofes, presenta la siguiente proposición.

### ACUERDOS:

1– Instar a la Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda a que se permita la pesca deportiva en toda la zona marítima, anteriormente mencionada.

Vicente Mariño de Bricio  
Ribeira, a 25 de octubre de 2022.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM** do **PBBI**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 22 de novembro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 8 (6 PBBI, 2 BNG)**

**-VOTOS EN CONTRA: 9 PP**

**-ABSTENCIONES: 3 (2 PSG-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple** dos seus membros **non aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo sobre proposición do **GM PBBI** sobre **NORMAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**,





**10.- PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL VÁZQUEZ SALGUEIRO SOBRE DISEÑO PLAN TURÍSTICO RIBEIRA. DECORACIÓN E ILUMINACIÓN DAS RUAS.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 22 de novembro de 2022 sobre proposición presentada polo concelleiro do **GM PBBI D. Miguel Ángel Vázquez Salgueiro** en data 31 de outubro de 2022 (rex entr. 04-11-2022, nº 21.263) e que é do seguinte tenor literal:

“

*MOCIÓN: Diseño Plan turístico Ribeira. Decoración e iluminación das calles.*

*A/A Alcalde de Ribeira Miguel Angel Vazquez Salgueiro con DNI 53795225L en calidade de Concelleiro do Partido Barbanza Independiente (PBBI) presenta a seguinte moción o pleno da corporación municipal de Ribeira, o amparo do disposto no apartado C do Artículo 116.1 do Regulamento Orgánico.*

*Exposición de motivos:*

*O deseño dun plan turístico nun concello como o de Ribeira pode resultar na creación dunha identidade única e reconecible para os visitantes que poden ter interese en visitar o noso concello.*

*Os viaxeiros que están en disposición de viaxar, teñen na súa mente un amplo abanico de opcións. Para iso é imprescindible que dentro desta competencia de destinos, sexamos quen de diseñar e proxectar unha imaxen atractiva para que estos viaxeiros veñan a pasar o seu tempo nas nosas ruas, e decidan que a nosa oferta é mais chamativa que a de outros lugares.*

*Tras entender isto, o Partido Barbanza Independiente (PBBI) trae a seguinte proposta, a cal presenta unha serie de beneficios para a imaxe de concello que queremos presentar. Esta proposta non é única nin pechada, pero dende logo, é unha alternativa non explorada en ningún lugar de Galicia, facendo de Ribeira un sitio sen único, e coa capacidade de posicionarse nun estilo de turismo sostible e cun importante retorno económico para a nosa cidade e para o noso concello en xeral, sobretudo na forma e na época do ano que se pretende.*

*Esta proposta, forma parte dun plan integral de desenvolvemento turístico, que está sendo desgranado a modo de mocións e neste caso esta proposta é coñecida como “Ribeira: Un mar de luces”.*

*Aproveitando a imaxe que o Concello de Ribeira, leva tempo tratando de crear a través do eslogan “Ribeira a mar”, e apoiandonos neste, buscamos a maneira de xerar un polo de atracción de visitantes directamente cara o noso concello, facendo a seguinte proposta de valor.*

*Este plan tratase da: “Decoración das principais ruas e fachadas dos locais de Ribeira, aproveitando a súa peatonalización, con farois de tela iluminados os cales postos de maneira estratéxica, darán toques de cor e luz os comercios e ruas. Esta decoración será durante os meses de Xuño a Setembro, incluso permitindo horarios de apertura dos locais comerciais mais amplos”.*

*Esta proposta presentaría os seguintes beneficios sobre o noso comercio:*

- 1. Poñemos os visitantes directamente diante dos nosos comercios e rúas onde faremos mais posible que gasten nestes establecementos.*





## Concello de Ribeira

2. *O non haber outra poboación con unha imaxe similar, permitiríanos facer de Ribeira un lugar único e diferenciable*
  
3. *Este estilo de decoración existe en outros lugares do mundo, sendo isto un rotundo éxito, sen embargo non existe na redonda nada similar, co que é un modelo de éxito probado.*
  
4. *O non depender do clima directamente, permitiríanos desestacionalizar ou ampliar mais, a tempada turística, facendo así e xerando mais emprego durante mais meses ó ano.*
  
5. *Cunha inversión relativamente pequena, e ben executada, tería un rendemento practicamente inmediato nos nosos comercios e facendonos mais chamativos e atractivos para visitantes. Ademais os propios Ribeirenses decidan pasear polas nosas ruas, en lugar de ir a outros concellos a buscar outras alternativas.*

*A involucración das diferentes institucións de Ribeira sería interesante, facendo a través de talleres ou colaborando con diferentes asociacións que así o consideren, podendo todos involucrarse na decoración do seu propio pobo.*

*A continuación mostramos varias ilustracións e simulación de como quedaría a decoración das rúas. Estos farois de tela son moi simples, e fáciles de facer así como teñen un custo moi reducido, sendo moi chamativos e decorativos.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Páxina 3 de 4

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





Concello  
de Ribeira



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 3 de 4

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298

Fecha: 04/05/2023

Hora: 14:36

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9





*As calles do noso concello, estarán perfectamente decoradas sen escatimar en gasto, xa que como outros modelos nos mostran unha boa execución e crucial, ademais de que soamente temos un primeiro intento para crear unha primeira boa impresión os visitantes que decidan vir e quizais repetir e recomendar a súa visita a Ribeira.*

*Xa que queremos crear unha imaxen especial, e chamativa, os días de comezo de iluminación das ruas serán comezados cun evento que será coñecido como o Festival da Iluminación.*

*Isto consistirá nun festival realizado na Praia de Coroso ou principalmente na fachada marítima do noso concello, e será o lanzamento de farois de tela biodegradables, dende a praia pola tarde noite (adjunxamos imaxes)*

*Existen lugares a nivel mundial con festivais similares sendo estes eventos que traen a milleiros de persoas e deixando un alto rendemento nos lugares que se realizan.*





*Este evento, será acompañado de música, ou incluso fogos de artificio, facendo disto algo único e especial na nosa comunidade. Unha vez rematado o lanzamento de farois, comezarán a iluminación das nosas ruas, sendo este un inicio simbólico do mesmo.*

*Con todo o exposto:*

*O PBBI (Partido Barbanza Independiente) Con todo o exposto, instamos o concello de Ribeira é o seu goberno local a adopción dos seguintes acordos.*

- Adicación de recursos de maneira directa para o inicio de esta actividade a través da decoración das ruas para a temporada de verán 2023.*
- Comezo coordinación e acordo de deseño do festival da iluminación o cal como fechas propostas pode ser realizado en Xuño.*

*Moitas gracias.*

*Miguel Angel Vazquez Salgueiro*

*En Ribeira, 31 de Outubro 2022*

*Partido Barbanza Independiente. “*

Asemadea dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández** do seguinte tenor literal:

*Emenda de substitución:*







**ÚNICO.-** Que por parte dos servizos técnicos de turismo se estude a viabilidade da proposta presentada polo PBBI e que emita un informe no que se reflictan aspectos tales como o potencial cronograma, o seu orzamento, obxectivos SMART e as metas a alcanzar.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM do PBBI** así como da emenda de substitución **do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **previa retirada da emenda de substitución por parte do GM do PP**, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo de data 22 de novembro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 6 PBBI**

**-VOTOS EN CONTRA: 12 (9 PP, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-ABSTENCIÓNS: 2 PSG-PSOE**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **non aprobado** ditame transcrito da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca e Turismo sobre proposición do **GM PBBI** sobre **DISEÑO PLAN TURÍSTICO RIBEIRA. DECORACIÓN E ILUMINACIÓN DAS RUAS.**

**11.- PROPOSICIÓN GM PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE PROXECTO DE REMODELACIÓN URBANÍSTICA NO ENTORNO DA FILGUEIRA, PEDROSA E OUTEIRO.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de novembro de 2022 sobre proposición presentada polo concelleiro do **GM do PSG-PSOE**, **D.José Manuel Vilas Álvarez** en data 14 de novembro de 2022 (rex entr. 14-11-2022, nº 21.917) e que é do seguinte tenor literal:

“

*José Manuel Vilas Álvarez, con DNI: 76515570K, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, ao abeiro do disposto no artigo 116.1.c) do Regula.mento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN, EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Ante as instancias veciñais, sobre o estado do firme e cunetas do camiño da Filgueira, fixemos unha visita ao lugar, da cal achegamos as conclusións, e fotos retrospectivas.*

*Este Camiño Público foi, e é, un itinerario importante de entrada e saída ao rueiro do Outeiro ea Filgueira, núcleos notables na derradeira historia da parroquia de Carreira, zona de paso habitual para ir as leiras de cultivo en Lavasidos, Mouráns, Listres, ou na Cuchareira, de actividade agrícola por excelencia.*





## Concello de Ribeira

Dito tramo de camiño público (vial 9016), está situado no lugar da Filgueira, entre a vía DP-7305 eo núcleo urbano da Filgueira, área consolidada de orixe agrícola e mariñeira, e dotado de diversos servizos públicos a inspeccionar (saneamento obsoleto), tendo unha lonxitude duns 300 metros lineais.

O estado e condición do camiño queda establecido no estreitamento da vía de circulación, e no deterioro do pavimento actual, no cal encontramos desgaste das distintas e irregulares capas de asfalto e formigón, con descalces varios, que afectan ao uso da infraestrutura viaria.

Esta situación é causada pola execución inicial do firme da vía, con distintos niveis de trazado, unido a falta de actuación e mantemento da obra pública.

Tamén vemos afectado o fluxo de mobilidade posto que o mal estado da vía, sen beirarrúas fai que os viandantes transiten pola parte central dela, con anomalías que imposibilitan camiñar axeitadamente.

Ai propietarios que cederon terreno a uso e dominio público para ampliación do camiño. Outros están dispostos a cedelo (con reposición), tendo como obxectivo o de mellorar a infraestrutura viaria, e facilitar a accesibilidade aos predios.

Chegou o momento de adaptar as vías urbanas ao disposto nos Planos do Plan Xeral de Ordenación vixente, seguindo os principios de convivencia e respecto.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte,

### ACORDO:

1.- Que por parte dos servizos técnicos municipais se proceda a realizar un proxecto de remodelación urbanística, coa ampliación e pavimentación da calzada, zona de rodadura, beirarrúas, acorde co vial 18, establecido no plano correspondente do vixente PXOU de Ribeira, coa dotación pertinente de servizos públicos (separativa de augas fecais e pluviais); e coa finalidade da recuperación da funcionalidade do conxunto histórico do entorno da Filgueira, Pedrosa, e Outeiro; que transforme a imaxe urbana do lugar, unha actuación a realizar cun obxectivo final, o de fixar poboación, e na mellora da calidade de vida dos núcleos urbanos e rurais, realzando os valores culturais, urbanísticos, e ambientais, señas de identidade da parroquia de Carreira.

Ribeira, 14 de santos do 2022.

Asdo. José Manuel Vilas Álvarez. “



CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E8S5C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 4 de 4 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36





Estado actual do Camiño entrando por Listres.



Tramo intermedio do vial urbano.





CSV: 07E7001087A20013E8S5C1J5K9





Foto de estado actual da zona de acceso ao núcleo da Filgueira. Carreira.



CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 4 de 7 FECHA 04/05/2023  
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298  
Fecha: 04/05/2023  
Hora: 14:36



Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM** do **PSG\_PSOE**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de novembro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 19** ( 2 PSG-PSOE, 9 PP, 6 PBBI, 2 BNG)

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIONES: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM** do **PSG\_PSOE** sobre **PROXECTO DE REMODELACIÓN URBANÍSTICA NO ENTORNO DA FILGUEIRA, PEDROSA E OUTEIRO** e en consecuencia aproba

**ÚNICO:-**Que por parte dos servizos técnicos municipais se proceda a realizar un proxecto de remodelación urbanística, coa ampliación e pavimentación da calzada, zona de rodadura, beirarrúas, acorde co vial 18, establecido no plano correspondente do vixente PXOU de Ribeira, coa dotación pertinente de servizos públicos (separativa de augas fecais e pluviais); e coa finalidade da recuperación da funcionalidade do conxunto histórico do entorno da Filgueira, Pedrosa, e Outeiro; que transforme a imaxe urbana do lugar, unha actuación a realizar cun obxectivo final, o de fixar poboación, e na mellora da calidade de vida dos núcleos urbanos e rurais, realizando os valores culturais, urbanísticos, e ambientais, señas de identidade da parroquia de Carreira.

## 12.- PROPOSICIÓN GM MIXTO-SUMA RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE FOMENTO DA XESTIÓN DIFERENCIADA DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de novembro de 2022 sobre proposición presentada polo concelleiro do **GM Mixto-Suma Ribeira D. Xurxo Ferrón Vidán** de data 16 de novembro de 2022 (rex entr. 16-11-2022, nº 22.118) e que é do seguinte tenor literal:

“

*Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de SumaRibeira dirixese ao Alcalde e Corporación Municipal para que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno municipal a Proposición seguinte:*

### **FOMENTO DA XESTIÓN DIFERENCIADA DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS**

*Na actualidade preséntanos como incuestionable a contribución medioambiental que supón a recollida diferenciada dos residuos que xeramos tanto a nivel doméstico como comercial ou industrial. A necesidade e eficacia desta recollida e valorización selectiva é incuestionable á luz da evidencia científica e percepción da sociedade, aínda que sempre poidan xurdir, como estamos a ver e padecer nos últimos anos, voceiras que dende a demagogia e o negacionismo das evidencias científicas queren caricaturizar o deterioro ambiental e climático.*





## Concello de Ribeira

É crecente o número de veciñas que demandan maiores facilidades para o depósito diferenciado de residuos domésticos. Son moitos os núcleos de poboación e vivendas do concello que non dispoñen a unha distancia razoable de lugares de recollida selectiva de aceites, pilas, fluorescentes, pequenos electrodomésticos, roupa, calzado e outros materiais sen utilidade algunha nos seus fogares. Este afastamento dos puntos de recollida pode ser causa importante da redución das porcentaxes de revalorización dos residuos.

É responsabilidade das administracións, e nomeadamente da administración local, a máis próxima aos cidadás, a de achegar os puntos de recollida selectiva de residuos aos seus veciños.

Pensamos que os puntos limpos móbiles poden ser unha ferramenta útil e eficaz para incrementar a porcentaxe de recollida selectiva e revalorización dos residuos. Así mesmo, estes puntos limpos móbiles son útiles na concienciación das persoas, contribuíndo tamén á educación ambiental das máis xoves.

En consonancia co exposto solicitamos do Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.-Dotación dun punto móbil itinerante que se establecerá en puntos estratéxicos da nosa xeografía segundo un calendario establecido.

2.- Ofertar aos centros educativos a posibilidade de participar nun programa de recollida selectiva contribuíndo así a sensibilización das alumnas e alumnos e á potenciación da revalorización dos residuos. Para iso o concello dotarase dun Punto Móbil dedicado aos centros escolares que o soliciten, poñendo o horizonte en que poida estar presente periodicamente en todos os centros educativos do concello.

Asinado: Xurxo Ferrón Vidán

Concelleiro-voceiro de SUMA RIBEIRA

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame sobre proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 22 de novembro de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 20 ( 2 PSG-PSOE, 9 PP, 6 PBBI, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA** sobre **FOMENTO DA XESTIÓN DIFERENCIADA DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS** en consecuencia aproba:

**PRIMEIRO**:-Dotación dun punto móbil itinerante que se establecerá en puntos estratéxicos da nosa xeografía segundo un calendario establecido.

**SEGUNDO**:- Ofertar aos centros educativos a posibilidade de participar nun programa de recollida selectiva contribuíndo así a sensibilización das alumnas e alumnos e á potenciación da revalorización dos residuos. Para iso o concello dotarase dun Punto Móbil dedicado aos centros escolares que o





# Concello de Ribeira

*soliciten, poñendo o horizonte en que poida estar presente periodicamente en todos os centros educativos do concello.*

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **24 de abril de 2023**, en cumprimento do ‘principio de unidade de acto’ previsto nos artigos 87 do ROF e 104 do ROM, quedando pendentes os **puntos 13,14,15,16,17,18,19,20,21,22,23,24, 25 e 26** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle

CSV: 07E7001087A20013E855C1J5K9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7001087A20013E855C1J5K9 en la Sede Electrónica de la Entidad

Página 4 de 7 FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 04/05/2023  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/05/2023  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 14:36:21

DOCUMENTO: 20231083298

Fecha: 04/05/2023

Hora: 14:36

